



ORIENTACIÓN



✳ Como saberás de Sociais para localizar un punto sobre a superficie esférica ou sobre un mapa necesitamos utiliza-las chamadas coordenadas xeográficas: **lonxitude e latitude**.

✳ Para localizar sobre o terreo un punto ou accidente xeográfico, o primeiro que debemos facer é aprender a orientarnos. Para iso debemos coñecer os puntos cardinais, que nos serven para indica-la situación dos diferentes lugares sobre a superficie da terra. Os **4 puntos cardinais** fundamentais son: **Leste**, *oriente ou levante*; **Oeste**, *occidente, poñente ou ocaso*; **Sur** ou *mediodía (meridional)*; **Norte** (*boreal ou setentrional*).




Os 4 puntos cardinais

✳ **Orientarse** é busca-lo ORIENTE (leste) ou punto cardinal por onde sae o sol, e como consecuencia os demais puntos cardinais. Os métodos que se soen utilizar son:


_____ **Polo Sol**: cando sae indica o Leste; cando se pon o Oeste.

_____ **Pola Estrela Polar**: que véndoa de noite indica o Norte.

_____ **Polo compás**: especie de reloxo con agulla magnética que ten a propiedade de sinalar sempre o Norte.



Orientación co compás



Orientación co reloxo

_____ **Polo reloxo**: debemos buscar un ángulo formado pola agulla pequena que orientaremos ó Sol e as 12. Agora calculámo-la bisectriz (metade) que nos dará o Sur.

_____ **Polas árbores**: a zona orientada ó norte soe estar máis húmida e ter máis musgos e liques.